

**ACTA**

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2019/1	O Pleno

**DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**

<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria Motivo: «Aprobación de expedientes antes do pleno ordinario de 22 de febreiro.»
<b>Data</b>	22 de xaneiro de 2019
<b>Duración</b>	Desde as 20:03 ata as 22:25 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos
<b>Presidida por</b>	Marcos Besada Pérez
<b>Secretaria</b>	Berta Alonso Soto

**ASISTENCIA Á SESIÓN**

<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
Carla M <sup>a</sup> Pérez Pérez	SÍ
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
José Luís González Rodríguez	SÍ
Marcos Besada Pérez	SÍ
Miguel González González	SÍ
Mirian González Rodríguez	SÍ
M <sup>a</sup> Dolores Castiñeira Alén	SÍ
M <sup>a</sup> Teresa Pérez González	SÍ
Primitivo González Rodríguez	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ

Sergio Curra Moreira	NON
Verónica Tourón Domínguez	SÍ
Ángela Ledo Souto	SÍ
Ángela Valcárcel Bernárdez	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

**Expediente 3015/2018. Aprobación da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2017.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria  
A favor: 6, En contra: 5,  
Abstencións: 2, Ausentes: 0

**Sr. Alcalde:** da lectura á proposta de Alcaldía de 17.01.2019 que literalmente di:

*“Vista a Conta Xeral do Concello de Salceda de Caselas correspondente ao exercicio económico 2017, xunto con toda a súa documentación anexa á mesma, segundo a lexislación vixente.*

*Visto que a Comisión Especial de Contas do Concello en sesión celebrada en data 04.12.2018 emitiu o correspondente informe preceptivo en relación á Conta Xeral desta corporación relativo ao exercicio 2017.*

*Visto que mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia data 11.12.2018 a Conta Xeral foi obxecto de exposición ao público durante o prazo de quince días, durante os cales, e oito máis, os interesados puideron presentar reclamacións, reparos ou observacións.*

*Visto que de conformidade co contido da certificación librada pola Secretaria Xeral da Corporación, durante o prazo de exposición ao público de devandita Conta, e oito máis, non se presentaron alegacións.*

*De acordo co contido dos artigo 200 e seguintes do texto refundido da Lei reguladora das facenda locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo,*

**DISPOÑO**

**PRIMEIRO.-** *Aprobar a Conta Xeral do Concello de Salceda de Caselas correspondentes ao exercicio económico 2017.*

**SEGUNDO.-** *Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Consello de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda e Función Pública.”*

**Sr. González Rodríguez:** A Conta Xeral é o mecanismo que pon de manifesto a xestión realizada ao longo do 2017, xestión económica, financeira, patrimonial e orzamentaria, permite saber o destino que se lle deu aos fondos públicos durante todo o ano, reflicten a situación real das contas públicas e da súa execución, é un requisito imprescindible para poder optar a subvencións da Xunta ter rendida a conta no Pleno, por iso se trae a este Pleno, consta de seis puntos; fai un repaso por cada un de cada punto. Se acompaña a esta Conta Xeral os arqueos das distintas contas bancarias, ten actualmente 8 contas, cun saldo de 1.737.000€, tamén se acompañan os reparos de intervención emitidos ao longo do exercicio.

Pasou a Comisión informativa o 4 decembro, con 4 votos a favor de Movemento Salceda e Partido Socialista e 1 en contra do Partido Popular, publicouse no BOP o 11 de decembro cun período de exposición de 23 días e finalizado a exposición tanto no Boletín como no Taboleiro de anuncios do Concello, non houbo ningunha alegación, e hoxe se trae a pleno para a súa aprobación definitiva se procede.

**Sr. Núñez Troncoso:** Felicitar primeiro tanto ao departamento de Intervención como de Tesourería polo traballo feito na elaboración da Conta Xeral. O voceiro de MS fala dun remanente positivo de 417.000 €, obviou dicir que hai un recoñecemento extraxudicial 1/2018, que deriva da conta do 2018 de 309.000€ o que si se aplica ese recoñecemento extraxudicial probablemente minorase bastante o que é remanente positivo. Vostede fixo unhas contas que parece que estamos nunha nube, parece que estemos en situación de repartir dividendos entre os veciños. A conta ven con tres meses e medio de retraso a este Pleno, tiña que vir antes do 1 de outubro e estamos a 22 de Xaneiro, de feito o Consello de Contas nun escrito que tivo entrada no Concello o 29 de decembro requiriu que se lle remitira a Conta á maior brevidade posible, o feito é que a día de hoxe a Conta está sen remitir. A consecuencia de que a Conta non estea remitida en prazo, é, tal e como se publicou en nota de prensa, que a Xunta “bloquea subvención a 40 Ayuntamientos” un deles Salceda.

A Conta Xeral deriva dos orzamentos de 2016, os de 2017 e 2018 non se presentaron e os dos 2019 nos da a sensación que van seguir a mesma liña. A consecuencia da

non presentación deses orzamentos, partindo da base que as partidas de ingresos de 2016, como xa se dixo no seu momento, estaban infladas como consecuencia diso e de non negociar os orzamentos, temos un desfase tanto nos ingresos do IBI de 261.000 € no orzamento do 2016 se recollía un ingreso previsto de 1.107.000 €, xa daquela dicíamos que era moi excesivo, e se recadaron 846.000 €, ou sexa un desfase de 261.000 €, cantidade que se ten en conta como ingreso pero que realmente non houbo ingreso, iso quere dicir que pode gastar unha cantidade que realmente non entraron nas arcas deste Concello. As concesións da praza de abastos outro tanto do mesmo, prevíronse 25.000 € e se ingresaron 0. Outra partida, a 34.903 uso das instalacións do Torrón, unha partida inicial de 30.000 € vemos un maior do concepto de ingresos de 2017 e se aprecia que só aparecen ata o mes de marzo e nos consta que seguen usando esas instalacións. Tamén se detectan medidas populistas, o copago hospitalario se contempla no orzamento de gasto 1000 € e non se gastou un céntimo. Gasto de publicidade – propaganda, gastáronse 70.000 € no ano 2017, gastos de protocolo 24.000 € e 46.000 en gastos de publicidade-propaganda, os soldos con dedicación dos membros de Goberno máis de 212.000 euros ao ano é o coste que ten para o Concello. En resumo, a débeda a 31 de decembro de 2017 temos 2.778.000 euros é certo que se baixou algo con respecto ao 2016 pero segue sendo unha débeda moi avultada.

O Sr. Voceiro non nos dixo nada respecto do incumprimento de estabilidade orzamentaria, o informe de intervención de 1 de xuño xa facía mención dese incumprimento e polo tanto xa informaba que había que elaborar un plan económico financeiro, que tiña que ser aprobado en pleno nun período de dous meses e levado a práctica nun período de tres meses desde o seu incumprimento, como este grupo xa o temía, despois de comisión informativa de contas, o 4 de decembro, solicitamos informe ao departamento de intervención o día 12 de decembro, respecto deste plan económico financeiro, informe que se nos entrega hoxe ás 15:40 horas da tarde, este informe o que ven é a contrastar o que nós xa dicíamos, e iso que na Comisión Informativa se nos dí que ese plan económico financeiro está en proxecto, que se está traballando na súa elaboración, pero a data de 22, data do informe, o Sr. Interventor avala o que nós dicíamos no seu día, dicindo no seu informe :*“non consta que o Concello adoptase o acordo a que fai referencia o artigo 21 da Lei de estabilidade orzamentaria”* , ou sexa que levamos dende xuño sen o Plan e tamén di que no caso de non adoptar as medidas pois poderían operar as medidas previstas no artigo 25 e 26 da Lei estabilidade orzamentaria, que entre outras cousas di que se poden tomar unha sería de medidas coercitivas contra o Concello e incluso, e lee: *“que si o Concello persiste na medida de non tomar esta medida deste plan económico financeiro “podrá considerar como gestión gravemente dañosa para los intereses generales y podrá procederse a la disolución de los órganos de la corporación local incumplidora”* iso dí textual o informe. O que se nos está dicindo dista moito da realidade, un informe realizado por un funcionario habilitado nacional.

Por todo iso, o noso voto vai ser en contra, pola auténtica desfeita que hai na xestión

deste Orzamento.

**Sra. Tourón Domínguez:** Non vou facer lectura de todas as Contas, pois xa o fixeron os voceiros dos outros grupos, non vou valorar o orzamento porque para valorar un orzamento hai que telo e aquí levamos con el prorrogado dende o 2016, o que si me preocupa e nos preocupa so grupo socialista e que levamos repetindo dende xuño a necesidade do plan económico financeiro, porque cando unha situación chega a ese nivel de gravidade o que ten que facer a Concellería de Facenda é tentar de solucionalo a maior brevidade posible. Xa o pedimos en agosto, outubro e decembro, en todos os plenos ordinarios preguntamos ou pedimos que se fixera ese plan económico financeiro e non tivemos resposta. Non me preocupa a Conta Xeral pois é un documento técnico que reflicte a xestión, non é nada que se vaia a decidir, é algo que xa está feito, pero si me preocupa todos os métodos que se utilizan e todo que se fai para chegar a este documento da Conta Xeral.

Nós alá polo 2016 presentamos unhas medidas-propostas de melloras para que esta situación non se volvese a repetir, con motivo do recoñecemento extraxudicial de crédito de aquel entón, e non se tivo en conta absolutamente ningunha, así imos chegando á situación do plan económico financeiro. Hai que ter en conta que a Conta Xeral ten un montón de informes de reparo emitidos ao longo do ano, que por diferentes motivos tivo que facer intervención, tamén é preocupante que se sigan facendo as cousas igual e que non se intente mudar nada, chega con retraso, cada ano chega con un pouco máis de retraso, ata agora se aprobaban dentro do ano natural e agora xa nos imos ao ano seguinte, é outras das cousas que se debe mellorar. Vou facer outra vez unha petición, hai un saldo de dubidoso cobro de 442.000 € que non da a imaxe fiel da contabilidade, se nos leva dicindo dende intervención que se debe limpar esa cantidade, porque realmente son de dubidoso cobro pero moi de dubidoso cobro pois o levamos arrastrando durante moito tempo. Entendemos que a Conta Xeral é un trámite, non imos a poñer a “zancadilla” para se perdan subvencións dende o Concello, pero volvo a repetir non comulgamos coa xestión económica, creo que a xestión da Concellería de Facenda é totalmente nula, inexistente se van solventando as cousas segundo van aparecendo sen ningún tipo de previsión, a nosa posición vai ser a abstención pero quero deixar claro que non estamos de acordo coa xestión económica do Concello.

Sobre todo para que non dea ocasión de perder subvencións que van a ser boas para o pobo de Salceda, a posición do Grupo Socialista vai ser a abstención.

**Sr. González Rodríguez:** O Partido Popular fai como sempre mención aos datos que vai rebuscando na Conta Xeral e que non son positivos, obviando en todo momento o resultado final da Conta Xeral que o final e o que conta. Parece que non lle alegra que os datos sexan bos, se imos aos datos xerais penso que non so de todo malos ou cando temos máis ingresos que gastos ao longo do exercicio, como xa dixen, hai un diferenza de case 500.000 euros a maiores. O Partido Popular se limita a mencionar

catro partidas que estivo rebuscando e que non se recadou o que se tiña previsto coma no caso do IBI, en todo caso esa recadación que non se executou irá a vía executiva nós non sabemos os propietarios das vivendas que van a pagar ou non, se non pagan van a vía executiva a través do ORAL. Eu lle podo mencionar outras moitas partidas nas cales os ingresos foron superiores ao previsto, por exemplo, a participación dos tributos do Estado, taxa por utilización privativa, outras taxas por utilización de dominio público, etc...Como sempre digo os orzamentos son unha previsión de gastos e ingresos, é imposible presupostar o que vas a recadar ao céntimo. Tampouco menciona que hai un aforro en positivo ao longo do exercicio, que hai un remanente que se mellora en casi 500.000 €. No remanente claro que inflúen os ingresos de dubidoso cobro, pero son saldos que están pendentes, é certo que se poden eliminar pero a lei contempla un prazo para que prescriba ese saldo de dubidoso dobro. A modo xeral polo que vexo preocúpalles a elaboración do plan económico financeiro, o departamento de intervención xa ten a directrices, que ademais son sinxelas, da elaboración de dito plan.

O incumprimento da regra de gasto e da estadía orzamentaria foi debido á formalización do préstamo para pagarlle aos propietarios dos terreos do parque da Raíña Aragonta, 789.000 €, de aí saen eses datos, datos desvirtuados. Como xa dixeran, ese gasto contabilizándose o capítulo 6, que é o capítulo que contabiliza para repercutir na estabilidade e na regra de gasto, capítulo 1 ao 7, o 6 capítulo de inversión, o cal foi destinado este préstamo, computa negativamente para iso, a min iso non me preocupa. Nós plantexamos, a sabendas de que ía pasar isto neste exercicio, plantexamos neste pleno a formalización dese préstamo e vostedes o apoiaron, foi apoiado por unanimidade. Vostedes tiveron dous anos para pagar ese préstamo e non o fixeron, dende o ano 2005, que ocuparon os terreos, ata o 2007, e creo que vostede estaba de Concelleiro de Facenda, non o fixo, pois nós o fixemos e froito dese ingreso que destinamos na contabilidade a unha inversión, se produce este desaxuste na regra de gasto na estabilidade orzamentaria, a solución ao plan económico financeiro é sinxela, pois non se vai a pedir outro préstamo para pagarlle aos propietarios porque xa está pagado, simplemente plasmar en papel.

Teño que facer mención aos problemas que estamos tendo en intervención coas distintas rotacións que levamos tido ao longo do exercicio, como ven saben a interventora que tiñamos estivo de baixa dende outubro de 2017, tivemos que acumular un día á semana a unha interventora dende o 17 de novembro ata o 28 de marzo, volveu a incorporarse a traballadora que estaba de baixa por maternidade, incorporándose un día á semana dende o 19 de abril ata o 30 xuño e despois marchouse deste Concello para o Concello de Tui, e tivemos sen cubrir intervención dende o 1 de xullo ata o 6 de agosto, con períodos temporais nomeando interventores accidentais de 1 ou 2 días, para saír do paso e poder pagar canto menos as nóminas e seguros sociais. Posteriormente o actual interventor se incorpora o 7 de agosto e cae de baixa laboral o 27 de novembro ata o 18 de decembro, puntualmente se nomea interventor accidental durante este período de baixa a outros funcionarios



e tamén collen baixa médica e cando non é baixa médica son horas sindicais ou asuntos propios, esta é a situación dende o 2017. Levamos un ano e catro meses coa intervención escasa, gustaríanos ter interventor ou interventora todos os días pero as circunstancias dos habilitados nacionais son por todos coñecidas, non os hai. Digo isto pola preocupación que xera tanto por parte do Partido Popular como do Partido Socialista, a elaboración do plan económico financeiro, as directrices están marcadas a solución é sinxela, simplemente falta plasmala nun documento.

Con respecto ao resto das intervencións dicir que fagan unha valoración máis global, que non se limiten a aquelas dúas ou tres partidas onde consideran que non se ingresou ou se gastou de máis e que se fixen no global dos datos da liquidación do orzamento, eses datos ,coma o aforro positivo neto, positivo bruto, amortización de débeda en 225.000 euros e o resultado orzamentario positivo, etc...

**Sr. Núñez Troncoso:** Primeiro contestarlle ao Grupo Socialista, todos sabemos que a Conta Xeral é un trámite, pero un trámite que di claramente a xestión do Goberno, vostede o di, a xestión non foi boa, creo que se están contradicindo. Respecto da intervención do voceiro do movemento Salceda, os datos que mencionei están recollidos na Conta, aquí ninguén está inventando nada, falaba vostede do IBI, o IBI se vostede colle a conta do exercicio anterior e se houberen elaborado os orzamentos, que non fixeron, pode haber un pequeno marxe de 15 o 20 mil euros, o dato se sabe, o problema é que aquí non houbo orzamento, outra cousa é 261.000 euros, unha diferenza bastante importante. A participación dos tributos do Estado son cantidades practicamente taxadas, aí non hai nada que dicir ao respecto, o remanente, vólvolle a repetir, o remanente de tesourería 417000, pero aquí hai un recoñecemento extraxudicial de crédito de facturas impagadas e sen recoñecer do ano 2017 por 309.000 euros. Saldo de dubidoso cobro, hai pendentes de cobro de 411.000 € se cobraran ou non se cobraran, pero tamén hai un saldo de dubidoso cobro de 442.000, dato que ten que ter en conta. O do préstamo da Raíña Aragonta xa llo dixemos infinidade de veces, onde se poden minorar os gastos, xa lle dixen que temos os maiores soldos de toda Galicia, se poden minorar os gastos en propaganda, publicidade, chámanse pancartas, boletíns, vallas publicitarias. Temos tirados no plan xeral 86.000€, 94.000 € de indemnización a arquitectos, 67.500 € perdidos na 2ª fase da praza de abastos, 51.000 € iluminarias unha subvención concedida que ao final o Concello tivo que pagar das súa "caixa", 140.000 € que se perderon de subvención por renuncia a 3ª fase da praza de abastos, 26.000€ redes alumeadado público, que se renunciaron tamén a elas, 145.000 € que se renunciaron ao centro de interpretación do río, técnicos traballando no Concello sen contrato, intereses de Sogama 9.000 €, elaboración da relación de postos de traballo 18.000 € do 2009 e outra que se fixo recentemente e non se sabe onde está que costou 10.000€, indemnización do terreo da praza de abastos sen ningún procedemento de expropiación 25.000€ por 25 m2, e iso que era un erro xudicial, segundo se nos dixo.

Aquí o problema sempre é dos técnicos, temos cinco dedicacións pero o problema

sempre é dos técnicos, haberá que ver porqué dende que está de Alcalde, dende o 2007, once anos e medio, pasaron por aquí 7 interventores, algo haberá, isto é un caso excepcional creo que isto non ocorre en calquera concello de Galicia ou de España. Estes son motivos máis que suficientes para a nosa posición en contra, como dixen antes.

**Sra Tourón Domínguez:** En canto ao voceiro de Movemento Salceda respecto do plan económico financeiro o noso grupo non discutiu en ningún momento de onde ven o problema do plan o que si insistimos e que para evitar males maiores se faga o plan económico financeiro que nos están esixindo dende xuño, xa que quen poden pagar as consecuencias son os/as veciños/as de Salceda non de onde ven o problema. En canto ao persoal, xa empeza a ser un pouco vergonzoso que se escuden, se agochen de todos os problemas detrás da suposta ineficacia do persoal, ou se collen baixas ou demais, xa deberíamos empezar a ser maiorciños e non estar sempre escudándose detrás do persoal, pois chega un momento que pasa o que pasa e o miramos en todos os pleno, por este motivo entre outros. En canto ao voceiro do Partido Popular a Conta Xeral é un documento no que nós non podemos incidir, nin o Partido Popular nin o Partido Socialista, é un documento que reflexa unicamente a situación, fixéseno ben ou fixeran mal, que como xa dixen para min a xestión económica non é que se fixera ben ou se fixera mal, é que non se fixo simplemente, foise saíndo do paso, polo que o que reflexa o documento da Conta Xeral non estamos de acordo con el, pero o partido socialista actúa dende o inicio da lexislatura con responsabilidade e non imos a engadir un problema maior como é o de perder subvencións para os veciños, por votar en contra dun documento no que non temos forma de incidir sobre o xa feito, este grupo vai a seguir a ser responsable en aras a esa responsabilidade, imos a absternos aínda non estando de acordo de como se fixo de como se chegou a este documento, imos a absternos para non complicar a situación e non facer un problema maior para todos, non para nós.

**Sr. González Rodríguez:** En contestación a Verónica dicirlle que a ineficacia de persoal eu nunca a mencionei, dixen falta de persoal, en canto a ineficacia de persoal teño que dicir que todo o contrario, o interventor que temos agora está sendo totalmente eficaz, só que ven un día á semana e dende a súa incorporación tivo un problema de saúde que se ausentou un mes e eu para nada mencionei a ineficacia dos funcionarios e moito menos do departamento de intervención que é o encargado da elaboración da Conta Xeral e o plan económico financeiro, digo falta de persoal. Por outra banda estráñame que a Joaquín non lle gusten os datos da Conta Xeral en concreto o remante de tesourería que é positivo en 400.000€, a verdade e que xa levamos varios anos mellorando os datos de remanente de tesourería para gastos xerais, viñamos de varios anos de remanente en negativo de case medio millón de euros o ano pasado, conseguimos reduci-lo 52.000 euros en negativo e este ano témolo en 417.000, como xa dixen, colle aqueles datos nos que non se cumpre a previsión, sempre fai mención aos gastos de publicidade, propaganda... obviando que



os gastos de publicidade inclúen as distintas representacións que se fan a distintos deportistas do Concello de Salceda, etc.. non son gastos de publicidade en pancartas, nin en pinchos. Quero recordar que sendo Joaquín concelleiro gastou 30.000 € en pinchos para a inauguración deste Concello. Agora a Joaquín non lle gusta a nosa publicidade patrocinando a deportistas locais que no lo veñen a pedir. Volvo a repetir, daquel barro estes lodos, o barro que xerou vostede expropiando os terreos da Raiña Aragonta polo 2005 e non pagando, tendo dous anos para facelo, pois xeran este lodos de ter que financiarnos cunha operación de crédito para poder pagarlle a estes expropiados, e isto é o que nos leva este ano ao incumprimento da regra de gasto de estabilidade orzamentaria.

**Sr. Núñez Troncoso:** Verónica, che volvo a repetir, reflicte a xestión do Goberno, nin máis nin menos. Respecto da falta de persoal que mencionou o voceiro de Momento Salceda é certo que falta persoal, o que sobran son políticos con soldo e se eses soldos os destinaran a persoal, mellor nos iría. O remanente de tesourería, como xa dixeran antes, si os números son mellores que os dos 2016, pero non é para andar polas nubes, pero lle volvo a repetir houbo un recoñecemento extraxudicial de créditos de facturas non recoñecidas de 2017 que houbo que ir a cargo do orzamento de 2018, que o final é o mesmo orzamento que arrastra do 2016. Decía que dentro da publicidade van os gastos de representación de deportistas, canto se gasto niso? 4.000, 5000, 6000? Pero é que estamos a falar de 70.000 €, fala vostede dos pinchos, eu estiven neses pinchos e o Sr. Alcalde tamén, e xa o dixeran máis dunha vez, oxalá dentro de cen anos se poida volver a inaugurar outra casa do concello e se poida gastar os mesmos cartos, e eses pinchos foron abertos a todos os veciños non en carpa vip da Raiña Aragonta, vostede sabe cando foi a primeira resolución do xurado de expropiación de Galicia? En xaneiro de 2008, o Sr. Alcalde xa levaba 7 meses de Alcalde, diso podemos falar o que queira, puido estar mal e se puido facer mellor, pero houbo un procedemento expropiatorio aquí acaba vostede un procedemento light, fai uns cantos meses, por 25 metros se pagaron por 25.000 euros, a resolución xudicial o di claramente, e vergonzoso ler esa resolución xudicial “se colleu a pala e arrasou todo e que aquí eu son o xefe”.

**Sra. Tourón Domínguez:** Non goberna gracias a nós, este equipo de goberno goberna primeiro porque gañou a eleccións e despois no pleno de 13 de xuño de 2015 no pleno de investidura o Partido Popular abstívose, nós votamos por nós, Movemento Salceda votou por eles mesmos e o Partido Popular se abstivo, nós cumprimos o que dixemos en eleccións e o resultado foi ese.

**Sr. Alcalde:** Ter sete interventores en 12 anos cando non hai interventores, nin sequera na bolsa da Xunta, é o que teñen todos o Concellos, os Concellos da comarca de Vigo non temos interventor habilitado en plantilla simplemente por que non hai no Estado Español, nin nas bolsas da Comunidade Autónoma, pero agora non ter ningún interventor durante 32 anos iso si que é unha vantaxe, non vas a ter ningún informe desfavorable durante 32 anos fíxose todo o que se quixo, é mais, deixouse

unha herdanza envelenada no 2007 e curiosamente o primeiro interventor na historia do Concello Salceda foi en setembro de 2007, que foi cando decidimos que houbera un interventor, e dende aquela hai informes, moitos deles desfavorables porque non podemos cumprir todo o que non se fixo os 32 anos anteriores. O que si é raro, excéntrico, pouco habitual, é que non houbera interventor municipal en todos eses anos, si houbera Interventor municipal igual “outro galo cantaría” con todo o que sucedeu aquí durante moitos anos, do que vostede é corresponsable por ser responsable de facenda, a parte de urbanismo nos últimos anos do goberno anterior.

**VOTACIÓN:** Polo Sr. Alcalde sométese a votación a aprobación da Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2017 e o Pleno da Corporación Municipal en votación ordinaria APROBA a mesma por SEIS votos a favor dos Sres/Sras. Concelleiros/as, González Rodríguez, Castiñeira Alén, Pérez González, González González, Pérez Pérez e Besada Pérez de Movemento Salceda, por CINCO votos en contra dos Sres/Sras. Concelleiros/as Rodríguez Davila, Núñez Troncoso, González Rodríguez, González Rodríguez e Valcarcel Bernárdez do PP e DÚAS abstencións das Sras. Concelleiras Domínguez e Ledo Souto do PSdeG-PSOE.

**Expediente 2815/2018. Aprobación definitiva do inventario de bens municipal.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria  
A favor: 6, En contra: 5,  
Abstencións: 2, Ausentes: 0

**Sr. Alcalde** da lectura á proposta de Alcaldía de 15.01.2019, que literalmente dí:

*“Visto que o Pleno municipal, en sesión extraordinaria de data 01.10.2018, coa asistencia de todos os membros da Corporación, acordou aprobar inicialmente o inventario de bens e dereitos municipais.*

*Visto que, con data 16.10.2018, o acordo de aprobación inicial publicouse no Boletín Oficial da Provincia núm.199 e no taboleiro de edictos, durante o período de dous meses. Durante o período de información pública presentáronse as seguintes alegacións, suxestións ou observacións:*

Nº REXISTRO	DATA	NOME
2018-E-RC-6558	17/12/2018	José Alfonso Pérez Pérez
2018-E-RE-588	17/12/2018	Santiago Rodríguez Davila (Grupo municipal PP)
2018-E-RC-6538	14/12/2018	Carlos Carracedo Carballido

2018-E-RC-6535	14/12/2018	Miguel González González
2018-E-RC-6526	14/12/2018	Toribio Tourón Rodríguez
2018-E-RC-6524	14/12/2018	Comunidade de Montes en Man Común de Entenza
2018-E-RC-6523	14/12/2018	Joaquín Núñez Troncoso, Comunidade de Montes Veciñal San Vicente de Soutelo
2018-E-RC-6508	13/12/2018	Manuel Troncoso Estévez
2018-E-RC-6481	12/12/2018	María Sonia González Estévez
2018-E-RE-572	12/12/2018	Verónica Tourón Domínguez (Grupo municipal PSOE)
2018-E-RE-557	11/12/2018	José Estévez Pérez (Comunidade Veciñal Parderrubias)
2018-E-RE-545	10/12/2018	José Valcárcel Fernández (Asociación De Veciños Agrícola E Cultural San Tomé de Parderrubias)
2018-E-RC-6364	04/12/2018	Amelia Vaqueiro Pino

Visto que, constan no expediente os informes técnicos, emitidos en data 03.01.2019 por José Ramón Suárez Moure, da empresa LAYA GESTION Y SERVICIOS SL, relativos ás reclamacións, reparos ou observacións presentadas durante o período de información pública.

Realizada a tramitación legalmente establecida e visto o Informe de Secretaría núm. 2018-0011 que recolle a lexislación aplicable e o procedemento a seguir, propónse ao Pleno a adopción do seguinte

#### ACORDO

**PRIMEIRO.** Desestimar, polos motivos expostos nos correspondentes informes técnicos, a seguinte alegación:

- Manuel Troncoso Estévez (2018-E-RC-6508): non modificar o deslinde da parcela inventariada como Sillosa 1 co número de inventario 267.

**SEGUNDO.** Estimar parcialmente, polos motivos expostos nos correspondentes

*informes técnicos, as alegacións presentadas por:*

- *Verónica Tourón Domínguez, Grupo municipal PSOE (2018-E-RE-572):* Acceder ao solicitado respecto aos límites parroquiais, a modificación de 9 topónimos, revisar a cartografía as lendas do Peto das animas de Santa Bárbara e un tramo do camiño en Bouzavedra, e non modificar a titularidade do CRA Raiña Aragonta nin a carto.

- *Carlos Carracedo Carballido (2018-E-RC-6538):* Acceder en parte ao solicitado, excluindo da parcela municipal a parte da poza de auga, quedando o resto do resalido como titularidade municipal.

- *Comunidade de Montes en Man Común de Entenza (2018-E-RC-6524):*

- Incorporar no epígrafe 1 a parcela nomeada "Escola Obradoiro do Torrón" co número de inventario 2486 e modificando a parcela do epígrafe 2 nomeada como "Laxes ou Torrón" co número de inventario 1205.

- Non acceder ao solicitado en relación á parcela nomeada "Castelo" quedando a parcela con titularidade municipal e reflexada no inventario co número de inventario 198, coa denominación de "Castelo".

- Acceder en parte ao solicitado, en relación á propiedade denominada "Fonte e lavadoiro de Aguin", excluindo do inventario municipal o terreo onde se atopa a sinalada fonte-lavadoiro.

- *Joaquín Núñez Troncoso, Comunidade de Montes Veciñal San Vicente de Soutelo (2018-E-RC-6523):*

- Acceder á modificación de superficie e deslinde da parcela nº 288 "lavadoiro de Escobias". - Non acceder a dar de baixa a parcela nº 174 "Calvario do Chamor".

- *Santiago Rodríguez Davila, grupo municipal do PP (2018-E-RE-588):*

- Incorporar ao Inventario Municipal as seguintes parcelas: 1.- A Fonte de Xabaris 2.- A Fonte de Pumariño, 3.- O lameiro de Pumariño, 4.- A Fonte da abilleira, 5.- O Lavadoiro da Abilleira, 6.-A Parcela 816 do poligono 44 coa denominación de "Casal-Pedraqu

**TERCEIRO.** *Estimar, polos motivos expostos nos informes técnicos, as alegacións presentadas por:*

- *Amelia Vaqueiro Pino (2018-E-RC-6364):* Non incluír a parcela nomeada como "FRAGA 2" no Inventario Municipal por quedar acreditado que a mesma figura como titularidade da alegante.

- *José Valcárcel Fernández, Asociación de Veciños Agrícola e Cultural San Tomé de Parderrubias (2018-E-RE-545) e José Estévez Pérez, Comunidade Veciñal Parderrubias (2018-E-RE-557):* Dar de baixa do inventario municipal a parcela nomeada "Torreiro da Portela ou da Igrexa".

- Miguel González González (2018-E-RC-6535): Ampliar o tramo C en 54 metros do camiño inventariado co número de grupo 397, ata chegar as parcelas 405, 858 e 403 do polígono catastral 42 como camiño público.

- María Sonia González Estévez (2018-E-RC-6481): Incorporar o camiño solicitado ao inventario municipal de bens, como tramo B do camiño con nº inventario 657.

- Toribio Tourón Rodríguez (2018-E-RC-6526): Incorporar na cartografía o camiño solicitado, que xa figura no inventario como parte parte do vial inventariado co número de orde 257 "Estrada da Mariña a Montecelo".

- José Alfonso Pérez Pérez (2018-E-RC-6558); Modificar o deslinde Este da parcela co número de inventario 273 denominada "Barroca".

**CUARTO.** Aprobar con carácter definitivo, Inventario de bens e dereitos que corresponden a esta Entidade e cuxo resumo por epígrafes é o seguinte:

Epígrafe	Nº bens	Valor
1. Bens Inmóbles	1.222	25.276.735,65
a) Fincas Urbanas	201	9.295.317,13
b) Fincas Rústicas	108	647.000,45
c) Vías Públicas	556	11.955.921,87
d) Rede eléctrica	456	618.114,49
e) Instalacións de auga e saneamento	1	2.760.381,71
2. Dereitos reais	3	63.117,80
3. Móbles especiais	19	8.300,00
4. Créditos e dereitos	0	0,00
a) Valores mobiliarios	0	0,00
b) Créditos	0	0,00
c) Seguros	0	0,00
5. Vehículos	18	198.574,00
6. Semoventes	0	0,00
7. Mobiliario	1.234	414.098,70
8. Bens revertibles	0	0,0
Suma total		25.960.825,95 €

**QUINTO.** Remitir copia íntegra do expediente á Administración da Comunidade Autónoma e á Subdelegación do Goberno a efectos de dar cumprimento ao establecido no artigo 86 do TRRL e o artigo 32 do RBEL.

**SEXTO.** *Proceder á inscrición no Rexistro da Propiedade dos bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza que non estean inscritos de acordo co previsto no artigo 36 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, para o que se remitirá ao Rexistro unha certificación da Secretaria en relación co inventario aprobado.”*

**Sr. Alcalde:** En primer lugar felicitar ao equipo de traballo da empresa LAYA que fixeron un traballo durante moitos meses. Recordar que o último Inventario de Bens foi aprobado no ano 1967, fai moitos anos e houbo moitos cambios dende aquela, o principal no capítulo de bens, a clasificación da inmensa maioría do monte daquela municipal, por parte das comunidades de montes que foi o 5 de decembro de 1980, donde decaíron todos os montes comunais, tanto os do ICONA como tamén algúns dos resalidos municipais. Deslindáronse máis de 250 parcelas, houbo reunións do grupo de traballo cos grupos políticos, fíxose un traballo extenso, aceptouse a petición neste pleno do grupo socialista de que a exposición pública en vez dun mes, que é o que marca a lei, que fora de dous e polo tanto creo que se fixo un traballo por parte de todos e todas, teño que agradecer tamén as aportacións e as alegacións, pero especialmente do grupo socialista e do grupo popular, que permitiron mellorar un documento de base, que entendíamos que era bo, pero que gracias a esas aportacións mellorouse este documento.

**Sra. Tourón Domínguez:** Como xa fixen na aprobación inicial, o Inventario municipal de Bens é un inventario que afecta a moitas persoas e neste caso afecta a miña familia directa, co cal eu por ética e por responsabilidade creo que non debo nin participar no debate nin na votación co cal me vou a ausentar.

**Sr. González González:** Polas mesmas razón que Verónica, vou a estar aquí sentado pero non vou participar no debate nin na votación, ou saio fora me vou a ausentar.

**Sr. Rodríguez Davila:** Eu quería pedirlle tanto a Verónica como a Miguel que escoitedes o debate e si logo considerades que non votedes.

**Sr. Núñez Troncoso:** O noso grupo presentou varias alegacións, as deglosamos por parroquias, presentamos dúas xenéricas, sobre todo queremos facer fincapé nas xenéricas polo tema das pozas. Nesas xenéricas pedíamos que se retiraran todas do inventario inicial, vemos que non se tivo en conta esa alegación e tamén vemos que está sen motivar porque na proposta da Alcaldía non se motiva o porqué non se exclúen as pozas tal como nos pedíamos, se hai un informe da empresa redactora pero aquí o que imos a aprobar é tal como ven na proposta e tal como acaba de ler o Sr. Alcalde.

**Sr. Alcalde:** O que se lle contestou que foi o que se pediu na Comisión Informativa e que con dilixencia se contestou. Da lectura da alegación e continúa dando lectura ao informe realizado pola empresa encargada da elaboración do inventario.



Esa foi a contestación completa que está no expediente e que fago miña como Alcalde, na Comisión Informativa como esas contestacións excepto unha xa estaban contestadas en alegacións das que vós vos fixestes eco, démolas como que estaba no expediente pero tivemos a ben aclarar e motivar a dúbida que tiña Joaquín do Partido Popular. Lle acabo de dicir o que plantexamos e as razóns, motivando as razóns, aínda que por parte das alegacións do Partido Popular se estimaron o 90% das peticións de maneira razoada, non se incorporan algunhas delas.

**Sr. Núñez Troncoso:** Seguindo coas pozas vemos unha disparidade de criterios pois temos unha alegación presentada por un veciño de Barreiro da poza de Liñares a cal se informa e leo “que a poza leva sendo utilizada dende hai moitos anos polos regantes” e está estimada esta alegación, sen embargo a xenérica que presentou este grupo respecto de todas as pozas se desestima. Temos claro que non se está actuando sobre o dereito dos regantes respecto das augas, o que estamos incidindo é sobre o terreno que ocupa a poza, que nin o Concello, nin os regantes teñen ningún documento que acredite esa propiedade, ten en dúas pero no resto das pozas non ten ningún documento. Pode darse o caso que sexan terreos que no seu día os propietarios das fincas que se serven desa poza houberen cedido o terreo para facer a poza, pero partimos da base de que nin os regantes nin o Concello teñen ningunha escritura pública que acredite a propiedade. Neste caso o Goberno, o Alcalde como representante dese Goberno, nós creemos que está actuando desde unha posición dominante, porque non ten ningunha proba, ningún documento de que esas pozas poidan ser do Concello, sen embargo os regantes teñen a posesión, o uso e as costumes sobre esas pozas, tanto as comunidades de regantes como os herdeiros dos anteriores regantes. É dicir, o Goberno está intentado usurpar uns terreos que non pode acreditar documentalmente a súa titularidade.

Despois, tras as alegacións presentadas por este Grupo, se están incorporando novas parcelas, se inclúen fontes e dúas parcelas das cales habería que elaborar unhas fichas sobre esas parcelas, fincas e fontes, no expediente non nos consta que estean esas novas fichas, que é o que se vai inventariar si non temos delimitado o terreo?, Sabemos a superficie que é? Sabemos canto mide o perímetro desa finca? Sabemos os lindeiros desa finca, desas dúas parcelas en concreto? que saibamos no expediente non se incorporaron esas fichas, reitero que se vai a inscribir no rexistro da propiedade? Di vostede na súa motivación onde pon que están inscritas no rexistro da propiedade, se están escritas haberá que facelo constar na alegacións, si é certo que hai unhas fincas que xa están no inventario inicial e si se menciona, polígono, parcela, libro de inscrición no rexistro da propiedade, folio, etc... estas que nos presentamos as alegación non figuran en ningún lado.

**Sr. Alcalde:** Leоче: *“Proceder á inscrición no Rexistro da Propiedade dos bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza que non estean inscritos de acordo co previsto.”*

**Sr. Núñez Troncoso:** Si están inscritas deberán de comunicalo tanto a este grupo como ao grupo socialista, onde está a ficha? De feito esas dúas parcelas as que facemos mención no inventario inicial non estaban inventariadas como bens municipais, se incorporaron unha vez que se estimaron as alegacións deste grupo, polo tanto si non estaban non podían estar rexistradas.

Está incluíndo neste inventario todos os cruceiros, petos de ánimas, etc..., todos os que existen no Concello.

**Sr. Alcalde:** Todos os que forman parte do catálogo das Normas Subsidiarias do ano 97 e que polo tanto forman parte do Patrimonio Cultural de Galicia, e é por Lei.

**Sr. Núñez Troncoso:** Están incluíndo tamén os que están en terreo comunal, refírome ao cruceiro do “chamor” na parroquia de Soutelo, o Alcalde chámalle “Calvario”.

Tras a clasificación do monte, que foi no ano 80, os montes pasan do Concello que estaba inscrito, si lee a resolución do Xurado Provincial de Montes donde se clasifican os montes hai un “Considerando” que di ven claro que se inscriben inicialmente a nome do Concello porque teñen que figurar no rexistro publico unha Entidade, e a entidade que había daquela era o Concello.

Sobre este “Calvario”, por onde está a servidume de paso? Por onde vai a pasar o Concello para acceder a ese calvario si non hai unha servidume de paso creada? O que está claro que a titularidade é do monte comunal, é certo que o Calvario xa existía, pero unha vez que se clasifican os terreos pasan a comunidade de montes tanto os terreos como todo tipo de construcións que haxa encima dese terreo.

**Sr. Alcalde:** O Calvario é unha patrimonio cultural do país.

**Sr. Núñez Troncoso:** E como é un patrimonio cultural do país, vostede interpreta que o seu propietario é o Concello. Debería ler o informe da Dirección Xeral do Patrimonio respecto dos cruceiros, que xa sabe dese informe que lle fixo falta no seu día.

Nós imos a invocar o artigo 92 do ROF e pedimos a retirada do punto da orde do día polo los seguintes motivos, falta de motivación, hai novas fichas, novos datos que non están no expediente, entendemos que habería que abrir un novo período de exposición pública porque tras as alegacións se incorporan ao expediente novas fincas que non se lle deu a opción aos afectados, ou posibles afectados a que poidan presentar alegacións, polo tanto pedimos a retirada do punto da orde do día. Ademais non é tan urxente aprobar isto hoxe, dentro dun mes temos un pleno ordinario.

**Sr. Alcalde:** O expediente cumpriu todos os requisitos que marca a lei e polo tanto non se acepta a retirada do punto da orde do día, está suficientemente motivado, as alegacións do Partido Popular se aceptaron nun 90% e os argumentos que se están

utilizando son absolutamente, non sei como calificalos, moi respectables pero dicir que non están motivados, me parece incluso unha falta de respecto ao traballo que se fixo durante todos estes meses, quen non estea de acordo que vaia a un Tribunal. En canto ao tema das pozas vólvolle a repetir, só se integran as pozas que están vinculadas a unha fonte pública en terreos municipais. Na maioría dos casos xa estaban inventariados, o espazo que ocupa a lámina de auga, xa figuraba no inventario do 67, polo que imos a respectalo nese parte.

En canto ao tema do Calvario reincido, as Comunidade de Montes aparecen no ano 80, o Patrimonio Cultural Público de Galicia, unha cousa é que ti teñas o terreo pero outra é que o que estea enriba ou debaixo calquera rexistro arqueolóxico que haxa nos montes comunais, son patrimonio público, non son patrimonio do que ten o terreo. O Calvario de Chamor igual que a maioría dos cruceiros son centenarios, a Lei de Patrimonio de Galicia di claramente que calquera elemento que teña máis de cen anos no seu conxunto é ben de interese cultural de Galicia, e a xestión sistemática cando hai algún problema, como un accidente que rompa un cruceiro, a administración pública de Galicia delega nos Concellos as decisións que se tomen ao respecto, como pasou co cruceiro de Portela en Parderrubias e co de Soutelo. Intentar que no ano 80 se clasifique un terreo que é patrimonio dun elemento preexistente protexido e inventariado nas Normas Subsidiarias do Concello, so responde a un capricho persoal seu, é absolutamente inxustificable. Vaia vostede ao xulgado a ver si lle da a razón. Non se vai a aceptar a retirada.

**Sr. Núñez Troncoso:** Aquí ninguén lle está faltando ao respecto á empresa, simplemente me cingo ao que di o ROF, calquera concelleiro pode pedir a retirada do punto da Orde do Día, artigo 92 do ROF, polo tanto pedimos que se vote a retirada tal como di o mencionado artigo. Pedimos que a Sra. Secretaria se manifeste ao respecto si hai que proceder a votación da retirada o punto ou no.

**Sr. Alcalde:** Vostede o que está é tratando de obstaculizar, o leva feito dende fai varios días, mentindo, dicindo que non está motivado, que non está no expediente. Se non está de acordo hai outras vías que pode utilizar para facelo. Ademais o Inventario Municipal é un documento vivo que en calquera momento se pode modificar. Eu pola atribución que me corresponde pola xurisprudencia non vou sometela a votación a retirada do punto da orde do día.

**Sra. Ledo Souto:** Creemos que este é un documento moi importante para a actividade diaria do Concello, tanto para o departamento de urbanismo do Concello como para xente que está afectada, pois como dicía o Sr. Alcalde hai un número importante de lindes que estaban aí pendentes dende fai un montón de anos. Vemos que se nos tiveron en conta o 90 % das alegacións presentadas por este Grupo, é un traballo que se fixo entre todos, polo menos o grupo socialista síntese partícipe, pois por unha vez o Sr. Alcalde nos permitiu, nos fixo caso ao que nós dicíamos. Puxemos a moción para que houbera dous meses de exposición pública precisamente para que non pasara

isto, para que houberse prazo suficiente, o levamos polas parroquias, informamos aos veciños, o que non fixemos é facer nós as alegacións en nome dos veciños, fixemos as xenéricas e a nos dende as comunidades de regantes das parroquias non se nos pediu nin que quedaran dentro nin que quedaran fora, de feito se evidencia, pois no expediente non hai alegacións por parte das comunidades de regantes, polo que non entendemos nada, e máis cando na Comisión fixen a pregunta sobre si o documento era aberto, como inventario de camiños, é dicir, que a través deste Pleno se pode modificar calquera cuestión e se nos dixo que si, polo que creemos que non ten moito sentido non aprobalo. Dixemos na Comisión que iamos a votar a favor e seguimos mantendo o mesmo, dous meses de prazo para alegacións é suficiente e é algo importante para o Concello, ter inventariado todo o que lle pertence ao Concello dunha vez.

**Sr. González Rodríguez:** O traballo é brutal, os técnicos implicáronse neste caso o departamento de urbanismo, foron partícipes os grupos da oposición coas súas aportacións, partícipes os veciños coas súas alegacións e este documento é unha garantía de futuro para todos/as os/as veciños/as de Salceda, garante a propiedade veciñal de todos os bens que se inclúen no inventario, igual que se fixo co inventario de camiños, o seguinte paso era este, inventariar os resalidos, os baldíos municipais, e todo o patrimonio que ten o Concello. É unha garantía de asegurar que a xente non se apropie deses terreos baldíos e de que estean inventariados e reflectidos no inventario municipal do Concello ademais de ser unha obriga, o Decreto Lexislativo 781/86 recolle a obriga de inventariar os bens e dereitos que lle pertencen as Entidades Municipais. Polo tanto Momento Salceda vai votar a favor deste documento

**Sr. Núñez Troncoso:** En canto ao grupo Socialista, saben perfectamente que o documento esta incompleto, que o expediente está incompleto e aínda así van a votar a favor. Que hai obriga de inventariar e posterior rexistro iso xa o sabemos, ninguén pon en dúbida iso, o que aquí se está poñendo en dúbida é que non está o documento completo, faltan as fichas das novas incorporacións, non se lle deu prazo de audiencia aos afectados como consecuencia desas novas incorporacións, polo tanto pedimos que se recolla en acta que o Alcalde non permite votar a retirada do punto da orde do día, tal como recolle o artigo 92 do ROF.

**VOTACIÓN:** Polo Sr. Alcalde sométese a votación a aprobación a proposta e o Pleno da Corporación Municipal en votación ordinaria APROBA a mesma por SEIS votos a favor (Sres/Sras. Concelleiros/as, González Rodríguez, Castiñeira Alén, Pérez González, , Pérez Pérez e Besada Pérez de Movemento Salceda e Sra. Ledo Souto do PSdeG-PSOE), CINCO votos en contra (Sres/Sras. Concelleiros/as Rodríguez Davila, Núñez Troncoso, González Rodríguez, González Rodríguez e Valcarcel Bernárdez do PP) e DÚAS abstencións (Sra. Domínguez Tourón do PSdeG-PSOE e Sr. González González de MS); adoptando os seguintes acordos:

PRIMEIRO. Desestimar, polos motivos expostos nos correspondentes informes técnicos, a seguinte alegación:

- Manuel Troncoso Estévez (2018-E-RC-6508): non modificar o deslinde da parcela inventariada como Sillosa 1 co número de inventario 267.

SEGUNDO. Estimar parcialmente, polos motivos expostos nos correspondentes informes técnicos, as alegacións presentadas por:

- Verónica Tourón Domínguez, Grupo municipal PSOE (2018-E-RE-572): Acceder ao solicitado respecto aos límites parroquiais, a modificación de 9 topónimos, revisar a cartografía as lendas do Peto das animas de Santa Bárbara e un tramo do camiño en Bouzavedra, e non modificar a titularidade do CRA Raiña Aragonta nin a cartografía ou fichas da parcela nomeada Altamira 1, por figurar correctamente.

- Carlos Carracedo Carballido (2018-E-RC-6538): Acceder en parte ao solicitado, excluindo da parcela municipal a parte da poza de auga, quedando o resto do resalido como titularidade municipal.

- Comunidade de Montes en Man Común de Entenza (2018-E-RC-6524):

- Incorporar no epígrafe 1 a parcela nomeada "Escola Obradoiro do Torrón" co número de inventario 2486 e modificando a parcela do epígrafe 2 nomeada como "Laxes ou Torrón" co número de inventario 1205.

- Non acceder ao solicitado en relación á parcela nomeada "Castelo" quedando a parcela con titularidade municipal e reflexada no inventario co número de inventario 198, coa denominación de "Castelo".

- Acceder en parte ao solicitado, en relación á propiedade denominada "Fonte e lavadoiro de Aguin", excluindo do inventario municipal o terreo onde se atopa a sinalada fonte-lavadoiro.

- Joaquín Núñez Troncoso, Comunidade de Montes Veciñal San Vicente de Soutelo (2018-E-RC-6523):

- Acceder á modificación de superficie e deslinde da parcela nº 288 "lavadoiro de Escobias".

- Non acceder a dar de baixa a parcela nº 174 "Calvario do Chamor".

- Santiago Rodríguez Davila, grupo municipal do PP (2018-E-RE-588):

- Incorporar ao Inventario Municipal as seguintes parcelas: 1.- A Fonte de Xabaris 2.- A Fonte de Pumariño, 3.- O lameiro de Pumariño, 4.- A Fonte da abilleira, 5.- O Lavadoiro da Abilleira, 6.-A Parcela 816 do poligono 44 coa denominación de "Casal-Pedraqueimada 3" , 7.- A Parcela 438 do poligono 25 coa denominación "Rega da Lama2".

- Correxir a parcela do Torrón no epígrafe 2 así como as parcelas da Poza de Barreiro non incluíndo a Poza e a denominada Fonte e lavadoiro de Aguin inventariando soamente a Fonte.

TERCEIRO. Estimar, polos motivos expostos nos informes técnicos, as alegacións presentadas por:

- Amelia Vaqueiro Pino (2018-E-RC-6364): Non incluír a parcela nomeada como "FRAGA 2" no Inventario Municipal por quedar acreditado que a mesma figura como titularidade da alegante.

- José Valcárcel Fernández, Asociación de Veciños Agrícola e Cultural San Tomé de Parderrubias (2018-E-RE-545) e José Estévez Pérez, Comunidade Veciñal Parderrubias (2018-E-RE-557): Dar de baixa do inventario municipal a parcela nomeada "Torreiro da Portela ou da Igrexa".

- Miguel González González (2018-E-RC-6535): Ampliar o tramo C en 54 metros do camiño inventariado co número de grupo 397, ata chegar as parcelas 405, 858 e 403 do polígono catastral 42 como camiño público.

- María Sonia González Estévez (2018-E-RC-6481): Incorporar o camiño solicitado ao inventario municipal de bens, como tramo B do camiño con nº inventario 657.

- Toribio Tourón Rodríguez (2018-E-RC-6526): Incorporar na cartografía o camiño solicitado, que xa figura no inventario como parte parte do vial inventariado co número de orde 257 "Estrada da Mariña a Montecelo".

- José Alfonso Pérez Pérez (2018-E-RC-6558); Modificar o deslinde Este da parcela co número de inventario 273 denominada "Barroca".

CUARTO. Aprobar con carácter definitivo, Inventario de bens e dereitos que corresponden a esta Entidade e cuxo resumo por epígrafes é o seguinte:

Epígrafe	Nº bens	Valor
1. Bens Inmóbles	1.222	25.276.735,65
a) Fincas Urbanas	201	9.295.317,13
b) Fincas Rústicas	108	647.000,45
c) Vías Públicas	556	11.955.921,87
d) Rede eléctrica	456	618.114,49
e) Instalacións de auga e saneamento	1	2.760.381,71
2. Dereitos reais	3	63.117,80
3. Mobles especiais	19	8.300,00



4. Créditos e dereitos	0	0,00
a) Valores mobiliarios	0	0,00
b) Créditos	0	0,00
c) Seguros	0	0,00
5. Vehículos	18	198.574,00
6. Semoventes	0	0,00
7. Mobiliario	1.234	414.098,70
8. Bens revertibles	0	0,0
Suma total		25.960.825,95 €

QUINTO. Remitir copia íntegra do expediente á Administración da Comunidade Autónoma e á Subdelegación do Goberno a efectos de dar cumprimento ao establecido no artigo 86 do TRRL e o artigo 32 do RBEL.

SEXTO. Proceder á inscrición no Rexistro da Propiedade dos bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza que non estean inscritos de acordo co previsto no artigo 36 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, para o que se remitirá ao Rexistro unha certificación da Secretaria en relación co inventario aprobado.

#### **Expediente 62/2019. Aprobación do Plan de Mobilidade Sustentable do Concello de Salceda de Caselas.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria  
A favor: 8, En contra: 0,  
Abstencións: 5, Ausentes: 0

**Sr. Alcalde:** Este primeiro plan de mobilidade parte da seguinte proposta:

*“Visto que en data 01/12/2017 o Concello de Salceda de Caselas solicitou á Deputación de Pontevedra unha subvención para a redacción dun Plan de Mobilidade Sustentable.*

*Visto que en data 13/04/2018 a Xunta de Goberno Local da Deputación de Pontevedra resolveu conceder ao Concello de Salceda de Caselas unha subvención de 15.000€ para a redacción dun Plan de Mobilidade Sustentable.*

*Visto que de conformidade coa base novena das Bases Reguladoras para a convocatoria de subvencións para Plans de Mobilidade Sustentable (BOPPO núm. 221 de 17.11.2017) para o cobro da subvención concedida cómpre acreditar que o Plan de Mobilidade está aprobado polo órgano competente.*

Visto que, se ben a competencia para a aprobación do Plan de Mobilidade Sustentable corresponde á Alcaldía, en virtude do artigo 21.1.s) Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, se considera convinte que a aprobación deste documento conte co apoio de toda a Corporación.

De conformidade co exposto o Pleno acorda:

**PRIMEIRO.** Aprobar o Plan de Mobilidade Sustentable do Concello de Salceda de Caselas.

**SEGUNDO.** Remitir á Deputación Provincial certificación do presente acordo.

**TERCEIRO.** Publicar o Plan de Mobilidade Sustentable do Concello de Salceda na páxina web do Concello.”

**Sr. Alcalde:** Se aprobamos este Plan seremos o primeiro Concello de Pontevedra que aprobamos un plan de mobilidade sustentable. Vou a leer o que é o resumo executivo do que é un PEMUS e o que supón:

### **“1. INTRODUCCIÓN**

O modelo actual de mobilidade, caracterizado por un uso excesivo do vehículo, orixina un deterioro social e ambiental, xerando tamén o deterioro enerxético e social da cidade. Este deterioro vese agravado por factores derivados como o consumo enerxético e de espazo, o aumento das emisións e menor calidade do aire, ou a falta de autonomía infantil, da terceira idade e das persoas con mobilidade reducida. O obxecto deste Plan de Mobilidade Sostible é a incorporación da mobilidade na planificación estratéxica para afrontar os problemas existentes e a comprensión da mobilidade coma un concepto intensamente involucrado en diversos aspectos da vida urbana. A redacción deste documento concíbese co obxectivo de garantir un novo reparto modal, así como a potenciación de modos de transporte sustentables, e a consecuente cesión do espazo público para o peón.

### **2. PRINCIPAIS DATOS EXTRAIDOS DA PARTICIPACIÓN CIDADADA**

O proceso de participación cidadá levado a cabo tivo como obxectivo a plena inclusión dos residentes habituais do termo municipal, os usuarios e commuters desprazados frecuentemente a dito territorio, e aqueles outros visitantes estacionais. Ao mesmo tempo, prestouse unha especial atención aos representantes de determinados axentes e colectivos socioeconómicos, así como aqueles grupos sociais e demográficos, máis sensibles e vulnerables no que precisamente á mobilidade se refire.

#### **2.1 METODOLOXÍA**

En relación á metodoloxía a aplicar, esta fundamentouse primordialmente en técnicas cualitativas (grupos de traballo...) e cuantitativas (cuestionarios, enquisas...) de investigación social. Iniciouse o proceso mediante enquisas presencias. Posteriormente

*realizáronse mesas de discusión cos diferentes grupos políticos individualizadas, así como tres mesas de traballo con representantes de diferentes colectivos e asociacións deportivas ou culturais.*

*Nestas mesas de traballo ofrecéronse os datos recollidos ata ese momento relativos a aspectos sociodemográficos así como datos relativos á mobilidade e ao espazo urbano. O equipo de técnicos procedeu a expoñer tanto a “filosofía do traballo” como a recibir e contestar as demandas, suxestións ou preguntas dos asistentes, a través dun formato de debate “ameno e non académico ou tecnicista”, onde se intentou estimular a intervención de todos os participantes.*

*Aproveitáronse estes encontros para dispor de información coa que poder iniciar a recollida de “novos e diferentes” datos, pasando a empregar as novas tecnoloxías para a obtención e implicación de máis participantes, propoñéndose para iso a habilitación dun espazo específico na web municipal, para ubicar un cuestionario online aberto a toda a cidadanía, chegando así tanto a aquelas persoas que estando interesadas no proceso, non poden implicarse por falta de tempo ou outras circunstancias.*

## **2.2 ENQUISAS**

*Realizáronse un total de 142 cuestionarios presenciais, en distintos puntos entre o 6 de abril e o 6 de maio do pasado ano 2018. As entrevistas foron realizadas en distintos momentos da xornada así como da semana. No relativo á consulta dixital participaron 129 persoas durante o seu período de realización, comprendido entre o 22 de maio e o 10 de xuño do presente 2018. Nelas puido comprobarse que a meirande parte dos resultados non experimentan cambios substanciais no que ás demandas, queixas ou propostas se refire.*

*Ditas enquisas contiñan unha serie de preguntas acerca da mobilidade en Salceda e a obtención dos datos necesarios para a elaboración da matriz orixe-destino.*

## **2.3 CONCLUSIÓNS DO PROCESO DE PARTICIPACIÓN**

*Con respecto ao estudo das respostas das enquisas online e presenciais, tanto para o caso do total municipal como do casco urbano, hai tres grandes queixas que destacan sobre todas as demais. Para o caso do conxunto de Salceda, sobresaen o mal estado das vías, o escaso ancho das cunetas e a ausencia de beirarrúas ou vías peonís seguras; mentres que no caso do núcleo urbano as principais queixas foron as estreitas beirarrúas, falta de espazos para aparcar e os problemas derivados daqueles que o fan de xeito incorrecto.*

*Por último, en relación aos comentarios libres que podía deixar cada persoa, cabe subliñar a destacada presenza de comentarios referentes -novamente-, aos déficits do transporte público, aos problemas causados polo escaso ancho das beirarrúas, cunetas e beiravías ou á falta de civismo á hora de estacionar; queixas e comentarios coherentes co resto de observacións realizadas nas preguntas abertas da enquisa presencial.*

## **3. DEFINICIÓN DE EIXOS DE INTERVENCIÓN**

Acadar **unha mobilidade máis humana no núcleo urbano de Salceda** constitúe o obxectivo principal deste Estudo de Mobilidade Sustentable. As liñas estratéxicas propostas procurarán dar unha resposta para fomentar os desprazamentos a pé e en bicicleta, favorecendo un desenvolvemento urbano onde a importancia do espazo de lecer sexa maior ca reserva das áreas de paso dos vehículos polo que se definen tres eixos principais.

O **Primeiro Eixo, ESTABLECER UN MODELO DE PRIORIDADE PEONIL E CICLISTA**, procura alternativas ao uso do vehículo privado, mellorando e aumentando a superficie destinada ao peón e á bicicleta. Pero artellar a rede peonil e ciclista non resulta suficiente, é necesario garantir o Dereito á Mobilidade.

A análise realizada mostra como Salceda conta cunhas características axeitadas para establecer un novo modelo de prioridade peonil. Tanto as pendentes das rúas como as dimensións do núcleo e as distancias entre os distintos centros atractivos permiten a implantación dun modelo no que os desprazamentos a pé sexan o principal modo de transporte.

Este cambio debe ser progresivo e sen impedir o acceso a residentes ou mercadorías. Adicionalmente, poderíanse establecer outros horarios de circulación compartida e/ou estacionamento ocasional.

O **Segundo Eixo de Intervención, MODELO DE "CIDADE VERDE"**, procura a concienciación dun novo de territorio. Un espazo máis sustentable, garantindo a creación dunha vila na que se valore e potencie o seu patrimonio, así como as sendas naturais existentes. Preténdese a ligazón coas áreas naturais da contorna, así como a súa inclusión na vila mediante eixos verdes a modo de liñas de conexión peonil e ciclable no núcleo urbano, así como, paralelamente, potenciar o comercio local e de proximidade, que propicien as relacións entre Salceda e os seus habitantes.

Búscase un modelo de mobilidade que potencie o uso das sendas xa existentes como un alternativa capaz para a mobilidade entre os núcleos. Fomentar un modo de vida saudable ligado a un espazo natural no que se poidan realizar actividades deportivas para todos os rangos de idade forma parte desta liña de actuación.

**RACIONALIZAR O ESPAZO VIARIO E A ESTRUCTURA VIARIA DE SALCEDA** é o **terceiro dos Eixos de Intervención**, no que ademais de realizar actuacións para racionalizar os accesos á vila, incorpórase unha visión a medio prazo para que sexa posible reducir notablemente a emisión de gases con efecto invernadoiro. Para isto, a racionalización e simplificación da estrutura viaria actual resulta imprescindible.

#### 4. MEDIDAS

Unha vez definidos os eixos de actuación, as propostas á levar a cabo estarían recollidas en torno aás seguintes liñas, ou bloques de medidas:

#### **4.1 Medidas de Fomento e Mellora dos Desplazamentos en Modos Non Motorizados**

Para acadar o obxectivo principal deste estudo cara unha mobilidade sustentable é necesario realizar unha modificación do reparto modal. Propóñense medidas en pro da diminución dos desprazamentos en automóbil, facilitando os desprazamentos a pé e en bicicleta, así como unha rede peonil e ciclista funcional e segura.

#### **4.2 Medidas para garantir o Dereito á Mobilidade**

O Dereito á Mobilidade debe garantir unha vila inclusiva con igualdade de oportunidades e acceso a espazos públicos de calidade para os diferentes colectivos, tendo as mesmas posibilidades. Propóñense unha serie de medidas para garantir o mencionado Dereito á Mobilidade, así como para acadar a mellora da Accesibilidade, o cal constitúe un factor determinante para fortalecer a idea de que o espazo público é un espazo de integración social.

#### **4.3 Medidas de seguridade viaria**

Propóñense medidas, como estudos de iluminación e sinalización nas vías máis inseguras, en pro de acadar unha mellora na seguridade viaria, xa que esta resulta imprescindible á hora de procurar unha modificación do sistema modal, pois o número de desprazamentos que se realizan a pé e en bicicleta dependen en grande medida disto.

#### **4.4 Medidas para a Implicación da Cidadanía**

A concienciación da cidadanía, así como a comunicación e información sobre a mobilidade sustentable constitúe unha parte esencial na procura do cambio no reparto modal polo que se propón a realización de actividades enfocadas a informar e transmitir os obxectivos deste Plan de Mobilidade Sustentable.

#### **4.5 Medidas de reordenación e mellora do Transporte Público**

Aumentar o número de desprazamentos en Transporte Público constitúe outra das transformacións necesarias. A facilidade para realizar un cambio modal entre o transporte público e os modos non motorizados favorece a utilización deste. Establécense unha serie de medidas para favorecer o cambio modal, e alcanzar una maior Accesibilidade á parada de autobús; á súa vez, así como outra serie de medidas e alternativas complementarias ao transporte público.

#### **4.6 Medidas de fomento e regulación en centros atractivos de actividade**

Confíase na importancia dea interacción co medio que nos rodea, acadando unha vila na que vivir, traballar, pasear, comprar ou relaxarse. Propóñense medidas que fomenten e favorezan ao comercio local, así como ao mercado semanal existente, e a consecuente interacción co medio que nos rodea.

#### **4.7 Medidas para fomentar o uso das sendas peonís**

Propóñense medidas as cales potencien o uso das sendas xa existentes como un alternativa capaz para a mobilidade entre os núcleos diferentes núcleos de poboación, así como

creación de novas sendas para comunicar os núcleos e centros atraccións non vinculados nesta rede.

#### **4.8 Medidas medioambientais e de protección**

A mobilidade está estreitamente vencellada co medio ambiente, xa que de xeito que unha Mobilidade Sustentable ten repercusións favorables na nosa contorna. Un axeitado ambiente urbano favorecerá un maior número de desprazamentos sustentables, polo que se proporán medidas como a incorporación de vexetación con tal obxectivo.

#### **4.9 Medidas para a activación do espazo público**

Para favorecer dita interacción coa vila, propóñense medidas en pro de conseguir a activación do espazo público, como a inclusión de mobiliario urbano ou vexetación, creando espazos máis atractivos e de maior calidade.

#### **4.10 Medidas de desconxestión viaria**

Propónse un modelo para diminuír o número de vehículos que circulen no núcleo urbano de Salceda e concretamente na área ambiental central, e que paralelamente racionalice e simplifique a estrutura viaria. Esta mellora da rede existente xunto coa apertura futura dun novo viario que permita a redución do tráfico no centro urbano de Salceda de Caselas xerando un mellor funcionamento da rede urbana.

#### **4.11 Medidas de distribución e control de accesos**

Asumindo como inevitable a presenza de zonas de carga e descarga en calquera núcleo urbano, procúrase que a súa localización e funcionamento sexa a máis axeitada, evitando a ocupación dos vehículos de transporte de parte da rede viaria ou adecuar os horarios destas zonas favorece a fluidez do tráfico.

#### **4.12 Medidas para o futuro desenvolvemento viario**

Nunha visión a medio/largo prazo, no que se propoña un núcleo urbano de preferencia peonil e ciclable, o problema residirá nos desprazamentos de paso que se efectúan polo centro do núcleo urbano. Ante esta situación, a mellor hipótese futura será a creación dunha circunvalación que elimine este tráfico rodado de paso do núcleo urbano.

#### **4.13 Medidas para mellorar a xestión dos aparcamentos**

O estacionamento constitúe un aspecto fundamental para a Mobilidade Sustentable no referente á ocupación de espazo público. As propostas nesta liña irán destinadas á extensión da actual medida un réxime de estacionamentos que favorecen a rotación de prazas, así como a reestruturación do estacionamento a favor da recuperación de espazo para o peón e a implantación dunha rede de estacionamentos públicos, evitando a provisionalidade das bolsas de estacionamento actuais."

**Sr. Alcalde:** Quixera felicitar a Luciano Alfaya e ao seu equipo que fixeron un traballo de base moi importante sobre todo na recollida de datos. É un documento moi extenso que nos vai servir a todos/as para xestionar basicamente o que é a



movilidade especialmente na Vila da Esfarrapada e en toda a súa contorna e na interconexión cos núcleos de veciños. Salceda ten unha vantaxe con respecto a outros Concellos, desa centralidade, é un concello pequeno onde hai unha conexión real que nos fai diferentes con respecto a outros modelos e polo tanto a outros plans de Concellos veciños ou do resto do país. Todas as medidas que se foron facendo nos últimos anos van nesa dirección, pero necesitabamos un documento que de algunha maneira fora organizando esas obras, modificando no sentido que fora necesario e sobre todo máis alá do necesario documento urbanístico, que vaia máis alá das funcións dun plan de mobilidade, traballar co que temos e tamén ir lanzando ideas. Ter un PEMU é esencial para acceder especialmente a fondos vinculados a fondos europeos porque estamos vendo xa a preocupación que hai en Centro Europa, vinculada ao efecto invernadeiro, aos temas de saúde especialmente nas grandes cidades, vai facer que boa parte dos fondos europeos que están vindo xa e os que veñan nos próximos anos estean vinculados ao un PEMU. O Plan de Mobilidade é un documento fundamental, estivemos en Cataluña, hai unhas semanas, estudiando os modelos especialmente en Barcelona e na área de Barcelona e descubrimos que en Cataluña xa é obrigatorio ter un PEMU por unha Lei Autonómica do ano 2003, moitos Concellos xa van no segundo plan de mobilidade e en Galicia por desgraza non hai ningún caso, non hai unha lei que o obrigue e foi unha iniciativa da Deputación de Pontevedra, moitos concellos nos puxemos a traballar neste documento, que como vedes abrangue multitude de factores e que nos vai a axudar tamén a eses novos proxectos vinculados directamente coa Vila da Esfarrapada no aspecto de mobilidade, seguridade e accesibilidade universal.

**Sr. Rodríguez Davila:** Antes de entrar en debate neste tema, Alcalde dicirille que calquera grupo pode facer o plantexamento político que considere oportuno en diferentes puntos que se debatan neste pleno, polo tanto reitérolle que a aptitude que tivo vostede fai un momento respecto do compañeiro Joaquín sinalando co dedo, mirando de forma desafiante, quero facer constar en acta a nosa repulsa ao respecto, cada un ten o dereito a facer o seu plantexamento e con respecto se pode facer, o que non é admisible é que cando un non o comparte se dirixa e actúe cara a, neste caso o compañeiro Joaquín, da forma que vostede fixo. En canto á interpretación do ROF é a súa interpretación, pero a Lei o di ben claro, e para rematar, nós non entorpecemos nada en absoluto simplemente facemos unha defensa do que este grupo considera que é interese xeral dos veciños, si este grupo non chega a presentar esas alegacións con respecto de esas dúas propiedades, quedarían fora do inventario municipal e agora vostedes a queren incorporar e a aprobaron vostedes en pleno pero resulta que non se lle da ocasión a eses veciños lindantes de poder presentar alegacións, polo tanto é unha auténtica chafallada.

**Sr. Alcalde:** Xa o dixen antes, o tema non funciona así, hai un período de exposición pública, porque se non cada vez que haxa unha alegación haberá terceiros que poidan opinar entón continuaríamos, non funciona así. É un documento vivo,

calquera en calquer momento pode presentar e en todo caso sempre queda a opción xudicial, non podemos estar dándolle voltas ao que está regulado legalmente, non so neste caso se non en calquer caso, o proceso de exposición pública teñen un límite non poden ser “sine die” porque para iso no estado de dereito no que estamos hai outras formulas e repito, é un documento vivo que se pode modificar en calquera momento.

**Sr. Rodríguez Davila:** Ninguén o pon en dubida so que ao incorporar esas dúas parcelas os veciños que lindan con elas no período de exposición publica non viron esa parcela lindando con eles.

Dicir que este documento nos aporta moitísimos datos. Felicitar tamén a empresa e a Luciano polo trato, polo fácil que foi acceder a el e falar con el. Hai que recalcar que este documento non é xuridicamente vinculante, simplemente é un traballo feito a ter en conta ou non ter en conta en función dos puntos que no mesmo hai. Este grupo está de acordo coa maioría do que aquí se plantexa, hai casos concretos que non compartimos e xa llo dixemos nas diferentes reunións coa empresa, é un documento importante que se debería traer a este pleno con todas as aportacións, igual que se fixo co que vostedes acaban de aprobar. O documento que realmente necesitamos é o Plan Xeral, un Plan Xeral de todos e non o que vostedes querían aprobar, por iso tivo o rexeitamento maioritario deste Pleno. Se o traballo que se fixo respecto deste Plan de Mobilidade se fixese no Plan Xeral seguramente estaríamos noutro punto urbanisticamente falando, pero cando se empeñan en querer ter a razón absoluta sobre todos pois así nos vai. Respecto deste Plan de Mobilidade, este Grupo, dado que como dixen, non foi recollido o noso plantexamento que lle facíamos a empresa, nós nos imos a abster, simplemente porque non vai a ter valor xurídico, polo tanto non ten a obrigaón de cumprise, simplemente é un documento onde o goberno que haxa en cada momento pode votar man del para facer unha serie de actuacións. É certo que coincidimos en moitas cousas, sobre todo cando se advirte neste documento que o Concello ten un serio problema de aparcamento e que hai que ir pensando en ter propiedades, é dicir, que o Concello teña propiedades para poder estacionar, porque a medio-longo prazo imos a ter un problema serio, unha medida efectiva que se está facendo con fincas privadas, pero hai que ir pensando na solución definitiva como son aparcadoiros nas diferentes rúas, cousa que é un pouco inviable, ou se non comprar parcelas ou ter o Concello propiedades para que non teñamos problemas no futuro respecto do aparcamento.

**Sra. Tourón Domínguez:** Gustaríame poñer en valor esta iniciativa da Deputación, creo que era necesaria, tamén é necesario comezar a pensar en Vilas inclusivas, que traten ás persoas que viven nela por igual, para min unha parte importante do documento é tratar a accesibilidade a todos os edificios públicos, tamén aos espazos e demais das persoas que teñen a mobilidade reducida, entendo que a accesibilidade é unha das medidas máis importantes que deberíamos ter en conta no futuro, pois agora mesmo este é un documento de intención, pero haberá que ir desenvolvendo

ao longo do tempo. Nós considerámonos partícipes deste documento, sempre defendemos a participación cidadá e participación dos grupos políticos en temas importantes, considerámonos partícipes, tanto a través da empresa e tamén no meu caso a través das enquisas. Un tema importante é o tema dos fondos Europeos que nos poden traer proxectos importantes para Salceda e para os veciños, o noso voto vai ser a favor e espero que sexamos capaces entre todos de desenvolver medidas.

**Sr. Rodríguez González:** Nós igualmente estamos contentos con este plan, sobre todo por que da cabida a ese traballo de campo feito, a esas aportacións que fixeron boa parte do veciños, hai que darse conta de que a xente que vive en Salceda e nos tempos que vivimos, estase cada vez máis a demandar Vilas máis humanizadas, cos tráxicos máis calmados, temos exemplos próximos que están sendo referencia por toda Europa e todo o mundo como é Concello de Pontevedra. Nós apostamos por iso, as enquisas da xente tamén o recolleron así, estes novos modos de vida, orientados no medio ambiente, na protección do medio ambiente, nas sendas peonís, nos carrís bici, así o reflicten os veciños, preténdese dentro do que temos, porque tamén é verdade que os viarios son estreitos non hai máis solución, pero dentro do que temos, intentar mellorar tanto o trafico viario e o peonil e regular os tráxicos da mellor maneira posible.

**Sr. Alcalde:** Dicar que no caso do Plan Xeral quero lembrar que non houbo exposición pública para alegacións porque non se aprobou inicialmente o documento, polo tanto se lle coartou esa posibilidade que si tiveron no inventario de bens e na participación, non se puideron valorar as alegacións de ninguén porque por desgraza non se permitiu que houbera período de exposición pública, que se valoraran as alegacións e que se aprobaran se así o consideraba o pleno, o Plan Xeral definitivo, esa opción se coartou, é máis grave porque por desgraza se permitiu que entrara en vigor a Lei Solo que a Salceda. Esa decisión deste Pleno, non do goberno, lle supón entre 10-15 anos perdidos dende esa perspectiva en competencia con algún Concello veciño e sobre todo cos Concellos Portugueses, esa é a realidade desgraciada desa decisión, ademais de que perdemos non sei cantos miles euros, porque entre outros se perdeu o diñeiro gastado na redacción e houbo que liquidar á empresa por incumprimento do contrato por parte do Concello. Non se ía a aprobar aquel día o Plan Xeral íase a facer a aprobación inicial dun documento e non se permitiu a exposición pública nin a participación cidadá, esa foi a realidade máis grave aínda cando ademais neste caso o goberno non tiña maioría, polo tanto, as garantías de que en todo momento os grupos da oposición puideran tomar decisións ou forzar alegacións nin tan sequera se permitiu, porque a intención era sepultar ese documento, nin tan sequera sometelo á aportación dos veciños en forma de alegacións xuridicamente válidas. Non ten nada ver o que acabas de dicir co que se falou neste Pleno, porque non houbo participación cidadá porque vós decidistes que non a houbera.

**Sr. Rodríguez Davila:** Facendo miñas as súas palabras, a desgracia é que temos de Alcalde a quen temos, e a desgracia é que cando un quere impor un modelo pois é o

que pasa, a desgracia non é ter vostede como persoa se non ter un Alcalde, non desgraciado nin moito menos, se non ter un goberno que non acepta o diálogo e o consenso. Que vostede diga o que acaba de dicir e se quede tan tranquilo pois é a súa conciencia, todos vivimos aquel proceso e non é plan de repetilo, se vostede realmente tivera vontade houberamos aprobado inicialmente o plan sen ningún problema. Mire que interese ten vostede no Plan Xeral que dende o ano 2016 e estamos no ano 2019 non houbo ningunha reunión nin convocatoria, nin contratación polo plan xeral, ese é o interese que ten vostede polo plan xeral e o demostrou nestes dous anos e medio dende aquel rexeitamento por parte deste Pleno se realmente houbera interese de negociar, acordar e de ter un Plan Xeral, houbera iniciado o trámite.

**Sra. Tourón Domínguez:** Creo que o concepto de participación é moito máis amplo que o que acaba de definir o Sr. Alcalde e o que acabamos de facer neste plan que imos a aprobar, é verdade que empezamos por algo, antes non se nos deixaba participar nin a nós ni aos veciños, agora deixóusenos participar un pouquiño pero o que quixo o Grupo Socialista no seu día foi un concepto de participación moito máis amplo que temos que comezar a adaptar, o peor de todo iso non foi que non se nos fixera caso, nin que non quixera incorporar as suxestións que fixemos os grupos da oposición o peor de todo iso é que se saltou ou se pasou por encima das 400 suxestións que había no Plan Xeral dos veciños, non dos grupos da oposición.

**Sr. Alcalde:** Recórdolle que estiveron no goberno cando se firmou o contrato e se licitou e non dixeron nada mentres estiveron no goberno sobre as suxestión e no contrato non estaba ese proceso.

**VOTACIÓN:** Polo Sr. Alcalde sométese a votación a aprobación a proposta e o Pleno da Corporación Municipal en votación ordinaria APROBA a mesma por OITO votos a favor (Sres/Sras. Concelleiros/as, González Rodríguez, Castiñeira Alén, Pérez González, González González, Pérez Pérez e Besada Pérez de Movemento Salceda e das Sras. Concelleiras Domínguez e Ledo Souto do PSdeG-PSOE), e CINCO abstencións (Sres/Sras. Concelleiros/as Rodríguez Davila, Núñez Troncoso, González Rodríguez, González Rodríguez e Valcarcel Bernárdez do PP), adoptando os seguintes acordos:

**PRIMEIRO.** Aprobar o Plan de Mobilidade Sustentable do Concello de Salceda de Caselas.

**SEGUNDO.** Remitir á Deputación Provincial certificación do presente acordo.

**TERCEIRO.** Publicar o Plan de Mobilidade Sustentable do Concello de Salceda na páxina web do Concello.

**B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

**C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**